



ANUNCIO

Con data 31 de agosto por Decreto de Alcaldía 931/2017 dictouse o seguinte Decreto, que se reproduce de xeito literal para a súa publicación no perfil do Contratante:

“Con data 23 de xuño dictouse providencia de inicio de Alcaldía poñendo de manifesto que este Concello ten a necesidade de contratar o servizo de **“APOIO Á COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMIENTO E MONITORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DUSI “A ESTRADA SOCIAL Y SOSTENIBLE 2020”**, para poder facer fronte ás necesidades de xestión da Estratexia DUSI pola complexidade da mesma e a falta de medios técnicos municipais para facer fronte aos proxectos e contratacións necesarias para cubrir as liñas de actuación de este importante proxecto para o Concello da Estrada. Este contrato atópase dividido a súa vez en dous lotes:

LOTE 1:

O obxecto deste servizo é a prestación de servizos de apoio á coordinación, xestión, control, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI) “A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)” cofinanciada ao 80% con axudas do FEDER segundo o previsto no Marco Estratéxico Común (aprobado por Decisión C (2007) 1990 do 7/5/2007), para as actuacións destinadas aos municipios de tamaño pequeno e mediano. O importe deste lote ascende á cantidade de 200.000,00 euros mais 42.000,00 euros de IVE.

Código CPV: 79420000-4 Servizos relacionados coa Xestión

LOTE 2:

O obxecto deste servizo é a prestación de servizos de apoio técnico na definición e o desenvolvemento das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI) “A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)” financiada ao 100% con recursos municipais propios. O importe deste lote ascende á cantidade de 200.000,00 euros mais 42.000,00 euros de IVE.

Código CPV: 71356300-1 Servizos de Apoio Técnico

Dadas as características do servizo e visto que se trata dun contrato de valor estimado igual ou superior a 209.000 euros, IVE excluído, de conformidade co disposto no artigo 15.1.b) de do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e o artigo 4 c) da Directiva 2014/24/UE, e normativa concordante é un contrato suxeito a regulación harmonizada, e estímase que o procedemento máis axeitado para a súa adxudicación é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

Visto que con data 23 de xuño de 2017 emitiuse informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que con data 23 de xuño de 2017 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que con data 20 de xullo de 2017, incorporáronse ao expediente os Pregos de Prescricións Técnicas, e de Cláusulas Administrativas Particulares, que teñen de rexer a adxudicación do contrato.

Vista a comunicación de Secretaría onde advirte dun erro no PCAP na cláusula 8 no que respecta ao prazo de presentación de solicitudes, que debe ser de 24 días e non de 22, e corrixido xa este erro material ou fáctico

Visto o Decreto de aprobación do expediente de contratación 765/2017 de 21 de xullo

Visto o envío do anuncio de licitación ao DOUE de data 21 de xullo de 2017, momento a partires do que comeza a contar o prazo de 24 días para a presentación de ofertas, e rematando polo tanto o mesmo na data 14 de agosto de 2017

Visto que, por razóns alleas á nosa vontade, o anuncio de licitación no BOP publicouse na data 17/08/2017 e o anuncio no BOE saíu na data 26/08/2017, ambos fora do prazo establecido para a presentación de ofertas

Examinada a documentación, e en aras a unha maior transparencia e publicidade desta licitación e para a concorrencia do maior número posible de licitadores, tendo en conta o artigo 10 da lei 40/2015 no que respecta a avocación de competencias e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 110 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de delegación n.º 682/2015 de 15 de xuño.

SEGUNDO. Publicar novamente, para garantir a publicidade desta licitación e para que a publicación nos tres diarios sexa dentro do prazo fixado para a presentación de ofertas, no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de 24 días contados desde a data de envío do contrato á Comisión Europea (xa que consta no expediente envío de anuncio previo ao DOUE) os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

TERCEIRO. Comunicar aos licitadores que xa presentaron ofertas neste procedemento que poderán manter a oferta inicialmente presentada, xa que non hai cambio algún nos pregos que rixen esta contratación, ou se o prefiren presentar nova oferta neste novo prazo de licitación.

CUARTO. Deixar sen efecto a publicación do anuncio no perfil do contratante do Concello da Estrada da convocatoria dos membros da Mesa de Contratación para o vindeiro 4 de setembro

QUINTO. Publicar os pregos de contratación no Perfil de Contratante a partir da data de publicación do anuncio no *Diario Oficial da Unión Europea*.

SEXTO. Publicar este Decreto No Perfil do Contratante do Concello da Estrada para o seu público coñecemento.

SETIMO. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

A Secretaria

Documento asinado electronicamente á marxe